



Asunto: Solicitud de certificado, presentado por SANTIAGO CRUZ MARTÍNEZ (DNI 33244493V), en representación da CONFRARÍA DE PESCADORES SAN BARTOLOMÉ DE NOIA, de que, conforme ao establecido na *RESOLUCIÓN do 13.04.2026 da Dirección Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se adoptan medidas de adaptación no Plan de xestión de moluscos bivalvos a pé e dende embarcación en zonas de autorización da Confraría de pescadores de Noia*, se suspende a actividade extractiva nos bancos marisqueiros, dende o 16 de febreiro ata que das mostraxes realizadas e da avaliación correspondente se permita constatar a recuperación das poboacións das especies obxecto de explotación, establecendo unha veda extraordinaria no plan de xestión nese período.

En relación co asunto de referencia, esta Dirección Xeral, **CERTIFICA** que:

A día de hoxe, nesta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, as mariscadoras e os mariscadores da CONFRARÍA DE PESCADORES SAN BARTOLOMÉ DE NOIA non teñen solicitado e tampouco teñen concedidas axudas por paralización temporal da actividade do marisqueo a pé para as zonas e os períodos indicados.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

M^a Ángeles Vázquez Suárez

(sinatura electrónica)

